



REAL ACADEMIA GALEGA DE
XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

Así asegurouno na súa conferencia “A evolución da democracia española no período 2006-2026: o abandono da cultura da transición”, na RAGXEL

“É O MULTIPARTIDISMO E NON O SISTEMA ELECTORAL A CAUSA DA INGOVERNABILIDADE ACTUAL” ASEGURA O POLITÓLOGO BARREIRO RIVAS

Para o profesor Ad Honorem de Ciencia Política da Universidade compostelá “a reconstrución dun sistema de gobernación estable tardará aínda varios anos, ata que xeremos unha nova mentalidade democrática que desborde os marcos do electoralismo polarizado e posibilista e mercantilista que nos trouxo ata aquí”.

A Coruña, 14 de maio de 2026. - Un paseo analítico polos últimos vinte anos da historia de España. Esa é a viaxe á que invitou o politólogo Xosé Luís Barreiro Rivas aos asistentes á conferencia “A evolución da democracia española no período 2006-2026: o abandono da cultura da transición” que esta tarde pronunciou na sede da Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

Tras a súa presentación, a cargo do ex fiscal xefe do TSXG e académico numerario da institución, Fernando Suanzes, e nun acto presidido polo maxistrado do Supremo José Luis Seaone Spiegelberg, presidente da RAGXEL, o profesor Ad Honorem de Ciencia Política da Universidade de Santiago de Compostela iniciou o periplo trasladando ao público aos principios da transición. Desde 1977 ata 2015 -expuxo Xosé Luís Barreiro- España sempre estivo gobernada por un sistema de bipartidismo imperfecto no que o centrosquerda socialista (PSOE) e o centrodereita liberal (UCD/PP) gobernaron -unhas veces con maioría absoluta e as máis con maioría relativa- con gobernos monocores e acordos parlamentarios tácitos ou explícitos, proporcionados case sempre polo nacionalismo centrista (CiU e PNV).

O costume que garantía a perfección deste modelo, explicou, “era que se daba por suposto que gobernaba o partido máis votado, un principio que nunca se puxo en dúbida -salvo pequenos conatos de Jordi Pujol tras a primeira vitoria electoral do PP, que Felipe González resolveu nunha soa declaración, ata as eleccións xerais de 2015, que foi a primeira vez que pechamos a noite electoral sen saber de certo quen ía gobernar”. Pasaran 38 anos, lembrou Barreiro Rivas, desde as eleccións de 1977, un amplo período “que nos permite afirmar que o problema de gobernabilidade que temos hoxe non trae causa do sistema electoral”.

Para este experto en ciencia política, “a causa da ingobernabilidade actual é o multipartidismo, que podemos describir como a gran caída dos resultados electorais do PP e o PSOE, que os fai debedores de complexas, incertas e inestables coalicións que dominan hoxe toda a actividade -que queda no Congreso dos Deputados, que ten hibernadas boa parte das súas competencias constitucionais”.



REAL ACADEMIA GALEGA DE
XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

As causas da caída de votos dos grandes partidos sistémicos, afirma Xosé Luís Barreiro, “hai que buscala en dous acontecementos, aínda mal estudados e diagnosticados, que foron: a crise financeira de 2006-2014, que xerou un descrédito e unha deserción demoledores contra a política, e o xurdimento dunha serie de movementos e partidos antisistema que a xente comprou desde o primeiro día e que a habilidade das dirixentes podemitas enfocou contra dous elementos tradicionais do sistema: o sistema electoral e, sobre todo, os dous partidos sistémicos que se beneficiaban -esa era a acusación- de eles”.

O éxito de Podemos foi de tal calibre -aínda que tamén de tal fugacidade- continuou, “que non tardou máis de cinco anos en pasar de ser unha quimera para converterse na alternativa ao papel do PSOE nunha posible reposición do sistema bipartidista. E por iso levamos dez anos de complexísima gobernabilidade que só agora parece entrar nun longo proceso de recuperación”.

En referencia á actualidade e o futuro máis próximo, o profesor indicou: “Aínda que a culminación desta crise que temos, que é a que pode reconducirnos cara a unha reconstrución do sistema da Transición, foi a ruptura por Pedro Sánchez do principio de ordinalidad electoral, que lle permitiu gobernar o país durante oito anos perdendo o 80% dos comicios aos que concorreu”. “Unha anomalía que, aínda que parece estar a chegar ao seu fin, non nos permitirá reconstruír un sistema de gobernación estable ata que pasen varios anos e xeremos unha nova mentalidade democrática que desborde os marcos do electoralismo polarizado e posibilista e mercantilista que nos trouxo ata aquí”, concluíu Barreiro Rivas.

A conferencia desta tarde forma parte do ciclo organizado pola RAGXEL en colaboración co Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña, o Ilustre Colexio Notarial de Galicia e ABANCA.



De izqd. a dcha.: Xosé Luis Barreiro Rivas, José Luis Seoane Spiegelberg y Fernando Suanzes Pérez